



Resolución do 26 de xaneiro de 2018, da Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos, pola que se aproba a relación provisional de persoas admitidas e excluídas e o baremo provisional no procedemento para a elaboración das listas de interinidades e substitucións para impartir docencia no corpo de profesores de artes plásticas e deseño, especialidades de debuxo técnico (595508) e de deseño de produto (595511), convocado pola Resolución do 23 de outubro de 2017 (Diario Oficial de Galicia n.º 205, do 27 de outubro; corrección de erros do 9 de novembro).

Por unha Resolución do 23 de outubro de 2017, da Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos, (*Diario Oficial de Galicia* n.º 205, do 27 de outubro; corrección de erros do 9 de novembro) convocouse un procedemento para a elaboración das listas de interinidades e substitucións para impartir docencia no corpo de profesores de artes plásticas e deseño, especialidades de debuxo técnico (595508) e de deseño de produto (595511).

Logo de revisadas as solicitudes de participación, comprobado o cumprimento dos requisitos esixidos e realizada a valoración dos méritos na convocatoria para a elaboración das listas de interinidades e substitucións para impartir docencia nas especialidades antes citadas, de acordo co disposto na base sexta da citada convocatoria procede aprobar a relación provisional de persoas admitidas e excluídas das listas de interinidades e substitucións e o baremo provisional e facelas públicas no portal da Internet desta consellería.

En consecuencia, esta dirección xeral

RESOLVE:

Primeiro.- Aprobar a relación provisional de persoas admitidas e excluídas e o baremo provisional das listas de interinidades e substitucións para impartir docencia no corpo de profesores de artes plásticas e deseño, especialidades de debuxo técnico (595508) e de deseño de produto (595511).

Segundo.- Ordenar a publicación no portal da Internet da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria www.edu.xunta.es a relación provisional de persoas admitidas e excluídas e o baremo provisional indicados no apartado anterior.

Terceiro.- De acordo co disposto na base sexta da convocatoria acordada pola Resolución do 23 de outubro de 2017, as persoas interesadas poderán formular reclamacións contra a relación provisional de persoas admitidas e excluídas e o baremo provisional, mediante un



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

Edificio Administrativo San Caetano, s/n
15781 Santiago de Compostela
www.edu.xunta.es



escrito dirixido ao director xeral de Centros e Recursos Humanos da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, que presentarán por calquera dos medios previstos no artigo 16.4 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, no prazo de cinco días hábiles contados a partir do seguinte ao da publicación da resolución no citado portal da Internet. As alegacións así formuladas deberán remitirse tamén por correo electrónico no citado prazo ao enderezo persoal.secundaria@edu.xunta.es.

Santiago de Compostela, 26 de xaneiro de 2018

O director xeral de Centros e Recursos Humanos



José Manuel Pinal Rodríguez